# ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| PLN/2023/10 | O Pleno |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria<br>Motivo: **«ORGANIZACIÓN DA NOVA CORPORACIÓN»** |
| **Data** | **26 de xuño de 2023** |
| **Duración** | Desde as 9:15 ata as 9:50 horas |
| **Lugar** | Salón de Plenos do Concello |
| **Presidida por** | Amador Diaz Penin |
| **Secretario** | Marta María Gómez Ruiz |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| 34985977X | ANTONIO FERNANDEZ VEIGA | SÍ |
| 34997410N | Amador Diaz Penin | SÍ |
| 76730752S | CAMILO VILA GARCIA | SÍ |
| 34729730Y | CARLOS GOMEZ SALGADO **(Asiste vía telemática)** | SÍ |
| 44481550X | CRISTINA CAMPERO DORADO | SÍ |
| 76726643T | Carlos López Montero | SÍ |
| 34995266F | MANUEL POZO FARIÑAS **(Asiste vía telemática)** | SÍ |
| 34953793A | MARIA DE LOS ANGELES MARTINEZ MARRA | SÍ |
| 34954787P | RAMON GOMEZ SALGADO | SÍ |
| 76709485T | RICARDO SIEIRO OPAZO | SÍ |
| 44459813P | Rafael Penabad Gonzalez | SÍ |

**Amador Diaz Penin (1 para 2)**
Alcalde
Data de Sinatura: 21/09/2023
HASH: 4a539d7aa298318204 1ec69ea74eaec9

**Marta María Gómez Ruiz (2 para 2)**
SECRETARIA
Data de Sinatura: 21/09/2023
HASH: ca9d0c206ce246ddb366005c16866a9e6

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 22

| | | |
|---|---|---|
| 44485126K | VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS | SÍ |
| 34944140X | elvira LAMA fernandez | SÍ |

Asiste a funcionaria encargada do Departamento de Padrón de Habitantes ***M.ª Teresa Caramés Pérez,*** e o informático municipal ***Jorge Luís Gómez Yáñez.***

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

Antes de comezar a tratar os asuntos da orde do día do pleno, a Secretaria expón que debido a un erro na configuración do programa "Gestiona" figura no encabezamento da convocatoria deste pleno como convocante a anterior alcaldesa se ben a convocatoria foi asinada polo actual alcalde constando o cargo na sinatura. A Secretaría indica que xa foi solventado o erro na configuración do programa "Gestiona" de forma que en vindeiras convocatorias non se dará este fallo.

| **Aprobación da acta da sesión anterior** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| O Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día ***17/06/2023.***<br><br>Sometida a votación ***resulta aprobada por unanimidade a acta referida.*** | |

| **Expediente 3752/2023. ESCRITOS CONSTITUTIVOS DOS GRUPOS POLÍTICOS E NOMEAMENTO DE PORTAVOCES:** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Tómase razón dos escritos dos Distintos Grupos Políticos relativos á súa Constitución e designación de voceiro/a, que figuran anexos a presente acta, sendo os seguintes:<br>Escrito de data 14/06/2023 dos concelleiros/as electos/as do *Partido* **"Alternativa por Xinzo da Limia (ÁXIL)"**, no que dan conta de que o <u>Voceiro</u> do **<u>Grupo Municipal ÁXIL</u>** *é* **<u>D. Amador Díaz Penín</u>**, e **<u>voceiro-suplente</u> <u>Don Ramón Gómez Salgado</u>.**<br>Escrito de data 20/06/2023 dos concelleiros/as electos/as do *Partido Popular (PP)*, no que dan conta de que o <u>Voceiro</u> do **<u>Grupo Municipal Popular</u>** *é* **<u>D. Antonio Fernández Veiga</u>,** e <u>voceiro-suplente</u> a **<u>D. Carlos Gómez Salgado</u>.**<br>Escrito de data 20/06/2023, dos concelleiros/as electos do **Partido Socialista (PSdeG-** | |

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 22

**PSOE),** no que dan conta de que a Voceira do **Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE)** é **Elvira Lama Fernández,** e voceiro-suplente, **Rafael Penabad González.**
Escrito de data 20/06/2023 presentado polo concelleiro electo do partido **BNG,** no que da conta de que o Voceiro do **Grupo Municipal BNG** é **D. Camilo Vila García,** e voceiro-suplente a **D. Manuel Pozo Fariñas.**

**Expediente 3753/2023. DECRETO DA ALCALDÍA DESIGNACIÓN DOS TENENTES DE ALCALDE:**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Tómase razón do ***Decreto da Presidencia*** de data 20/06/2023 do seguinte tenor literal:
**"(...) DECRETO DA ALCALDÍA DESIGNACIÓN DOS TENENTES DE ALCALDE**
De conformidade co disposto nos arts. 21.2 da lei 7/85, de 2 de abril, art. 22 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e art. 46 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro,
**RESOLVO:**
**1.-** Nomear como titulares das Tenencias de Alcaldía aos seguintes Concelleiros:
**1ª** Tenencia de Alcaldía: **D. Antonio Fernández Veiga.**
**2ª** Tenencia de Alcaldía: **D. Carlos Gómez Salgado.**
**3ª** Tenencia de Alcaldía: **D. Ramón Gómez Salgado.**
**4ª** Tenencia de Alcaldía: **Dona Cristina Campero Dorado.**
**2.-** Por virtude do art. 23.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e 47.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, corresponderá aos nomeados substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, pola orde do seu nomeamento, nos supostos de vacante, ausencia o enfermidade legalmente previstos, previa expresa delegación.
**3.-** Notificar a presente resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.
**4.-** Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.
**5.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.
**6.-** Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día da data. **(...)"**

**Expediente 3754/2023. DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E FIXACIÓN DO RÉXIME DE SESIÓNS:**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Tómase razón do ***Decreto da Presidencia*** de data 20/06/2023 do seguinte tenor literal:
**"(...) DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E**

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 22

**<u>FIXACIÓN DO RÉXIME DE SESIÓNS</u>**

*De conformidade co disposto nos arts. 20.1 b) e 23.1 da lei 7/85, de 2 de abril; e 35.2.d) e 112. 3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro,*

**RESOLVO:**

**1.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros/a:**

**D. Antonio Fernández Veiga.**

**D. Carlos Gómez Salgado.**

**D. Ramón Gómez Salgado.**

**Dona Cristina Campero Dorado.**

**2.- Corresponderá á Xunta de Goberno de Local, así integrada, e baixo a presidencia desta Alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións, así como as que lle delegue calquera órgano municipal ou expresamente lle atribúan ás leis.**

**Mais polo miúdo, delégase na Xunta de Goberno Local as competencias que a seguido se detallan:**

1) Representar ó Concello.

2) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.

3) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia de acordo co Orzamento aprobado, a disposición de gastos gastos dentro dos límites de competencia de Alcaldía, ordenar pagos e render contas; todo de conformidade co disposto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

3) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

4) Exercer a xefatura da Policía Municipal.

5) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas o Plenario, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

6) Sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade este atribuída a outros órganos.

7) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

8) O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou a Xunta de Goberno Local.

9) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.

10) Todas as demais competencias que as leis do Estado ou da Comunidade Autónoma sinalen ao Municipio e non sexan expresamente atribuídas a outros órganos municipais, sempre que pola Presidencia se sometan ao exame e deliberación da Xunta de Goberno Local.

**3.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.**

**4.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín**

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 22

**Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.**
**5.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.**
**6.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte á data da presente resolución .**
**7.- A Xunta de Goberno Local celebrará reunión ordinaria con periodicidade semanal, ás dez horas de cada xoves, tomando como referencia para o inicio do cómputo a mesma semana á da data en que este órgano deliberante e resolutorio se constitúa, sen prexuízo das de carácter extraordinario que a Presidencia estime oportuno convocar cando a conveniencia de resolver asuntos propios da competencia deste órgano así o aconselle. (...)”**

**Expediente 3755/2023. DECRETO DELEGACIÓNS COMPETENCIAS XENÉRICAS E ESPECÍFICAS:**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Tómase razón do ***Decreto da Presidencia*** de data 20/06/2023 do seguinte tenor literal:

**“(...) <u>DECRETO DELEGACIÓNS COMPETENCIAS XENÉRICAS E ESPECÍFICAS</u>**

De conformidade co disposto nos arts. 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Electoral, e de conformidade cos arts. 43, 44, 45 e 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

**<u>PRIMEIRO: DELEGACIÓNS XENÉRICAS.</u>**

*Delegar a* **<u>área de Servizos Sociais, Igualdade e Saúde</u>** *na Concelleira* **Dona Mª de los Ángeles Martínez Marra**.

*Delegar a* **<u>Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade</u>** *no Concelleiro* **D. Ramón Gómez Salgado.**

*Delegar a* **<u>área de Servizos Municipais Estruturais, Pedanías e Persoal</u>** *no Concelleiro* **D. Antonio Fernández Veiga**.

*Delegar a* **<u>área de Deportes e Mantemento de Parques e Xardíns</u>** *na Concelleira* **Dona Cristina Campero Dorado.**

*Delegar a* **<u>área de Promoción Económica, Emprendemento, Emprego, Participación Cidadá, Festexos e Xuventude</u>** *no Concelleiro* **D. Ricardo Sieiro Opazo.**

*Delegar a* **<u>área de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais</u>** *no Concelleiro* **Don Carlos Gómez Salgado.**

*A* **<u>área de Medio Rural, Medio Ambiente e Facenda</u>** *será xestionada e dirixida directamente polo Sr. Alcalde* **D. Amador Díaz Penín**.

*A delegacións son xenéricas e conlevarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e de xestionalos, en xeral, aínda que* **<u>non leva engadida</u>** *a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

**<u>SEGUNDO: DELEGACIÓN ESPECÍFICA:</u>**

Delegar de forma específica as competencias para a adopción de resolucións relativas

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 22

ao **exercicio da potestade sancionadora no relativo a infraccións ás normas de circulación cometidas nas vías urbanas no concelleiro Ramón Gómez Salgado.**
**TERCEIRO:** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción da notificación da presente Resolución.
**CUARTO**: Remitir o Decreto do nomeamento ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar o Decreto no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día da data. **(...)"**

**Expediente 3756/2023. DECRETO DA ALCALDÍA DESIGNACIÓN DE NOVO INSTRUTOR EN EXPEDIENTES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL:**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Tómase razón do ***Decreto da Presidencia*** de data 20/06/2023 do seguinte tenor literal:
"**(...) DECRETO DA ALCALDÍA**
Visto que no pleno de data 17/06/2023 se constituiu a nova Corporación municipal, tralas Eleccións Municipais celebradas o día 28 de maio de 2023.
En virtude do disposto nos artigos 9.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118, 120 e 121 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
**RESOLVO**:
**Primeiro**.- Delegar no Concelleiro de **D. Ricardo Sieiro Opazo**, a función de **Instrutor nos expedientes de responsabilidade patrimonial do Concello**.
**Segundo**-. Notificar o cambio de Instrutor a tódolos interesados nos expedientes de responsabilidade patrimonial que se atopan en tramitación á día da data, concedendo un prazo de dez días hábiles desde a data de notificación desta Resolución a todos os afectados por este cambio de Instrutor, no caso de que desexen exercer o dereito de abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
Unha vez transcorrido este prazo sen recibir ningunha resposta, considerarase que non teñen nada que opoñerse e que continuará coa tramitación do procedemento sancionador, de conformidade coa lei.
**Terceiro**.- A presente resolución será notificada o concelleiro delegado, entendéndose que aceptan a delegación se no prazo de tres días non indican a desconformidade. Asemade a presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre. **(...)"**

**Expediente 3757/2023. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 22

| Favorable | **Tipo de votación:** Ordinaria<br>A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0 |
|---|---|

Por razóns de eficacia e maior celeridade na resolución de determinados asuntos de interese público fan aconsellable que o Pleno desta Corporación delegue na Xunta de Goberno diversas atribucións que ten legalmente asignadas co expreso carácter de delegables, conforme ao disposto na normativa de aplicación que seguidamente se cita.
As mesmas disposicións normativas que permiten tal delegación establecen as canles e procedementos para o seu control e fiscalización e para a participación dos distintos grupos políticos, fundamentalmente a través do sometemento das correspondentes propostas de resolución a ditame previo e preceptivo das Comisións Informativas que resulten competentes por razón da materia, conforme ao disposto polo art. 123.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais.
CONSIDERANDO o disposto nos artigos 22.4 e 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, art. 51 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e normas concordantes e xenerais de aplicación.
Vista a *Proposta da Alcaldía***,** de data 20/06/2023, do seguinte teor literal:
**"(...) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
Por razóns de eficacia e maior celeridade na resolución de determinados asuntos de interese público fan aconsellable que o Pleno desta Corporación delegue na Xunta de Goberno diversas atribucións que ten legalmente asignadas co expreso carácter de delegables, conforme ao disposto na normativa de aplicación que seguidamente se cita.
As mesmas disposicións normativas que permiten tal delegación establecen as canles e procedementos para o seu control e fiscalización e para a participación dos distintos grupos políticos, fundamentalmente a través do sometemento das correspondentes propostas de resolución a ditame previo e preceptivo das Comisións Informativas que resulten competentes por razón da materia, conforme ao disposto polo art. 123.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais.
CONSIDERANDO o disposto nos artigos 22.4 e 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, art. 51 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e normas concordantes e xenerais de aplicación.
Proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:
**PRIMEIRO.-** O Pleno do Concello delega na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes atribucións contempladas no artigo 22.2 letras:
**j)** O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
**k)** A declaración de lesividade dos actos do Concello.
**q)** As demais que expresamente lle confiran as leis.
**SEGUNDO.-** De acordo co art. 123.1 do Regulamento de Organización e

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 22

Funcionamento das Entidades Locais, todos os acordos adoptados pola Xunta de Goberno en exercicio de facultades delegadas polo Pleno da Corporación, serán sometidos previamente a ditame da Comisión Informativa correspondente, salvo que se trate de acordos declarados urxentes.
**TERCEIRO.-** Os actos ditados pola Xunta de Goberno no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, o Pleno, correspondendo en consecuencia a este a resolución dos recursos de reposición que poidan interporse.
**CUARTO.-** O presente acordo terá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial desta Provincia, conforme ao apartado 2 do art. 51 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais.
**QUINTO.-** Dese conta do presente acordo á Xunta de Goberno na próxima sesión que celebre.
Non obstante o Plenario, ao que en definitiva corresponde decidir, resolverá o que considere conveniente para os intereses municipais. **(...)"**

**O Concello Pleno presta aprobación á citada Proposta da Alcaldía, co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal "ÁXIL" (2 e 1 o Alcalde), dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular (4), a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (4), e a abstención dos concelleiros do grupo municipal BNG (2), adoptando o seguinte acordo:**

***PRIMEIRO.- O Pleno do Concello delega na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes atribucións contempladas no artigo 22.2 letras:***
***j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.***
***k) A declaración de lesividade dos actos do Concello.***
***q) As demais que expresamente lle confiran as leis.***
***SEGUNDO.- De acordo co art. 123.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, todos os acordos adoptados pola Xunta de Goberno en exercicio de facultades delegadas polo Pleno da Corporación, serán sometidos previamente a ditame da Comisión Informativa correspondente, salvo que se trate de acordos declarados urxentes.***
***TERCEIRO.- Os actos ditados pola Xunta de Goberno no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, o Pleno, correspondendo en consecuencia a este a resolución dos recursos de reposición que poidan interporse.***
***CUARTO.- O presente acordo terá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial desta Provincia, conforme ao apartado 2 do art. 51 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais.***
***QUINTO.- Dese conta do presente acordo á Xunta de Goberno na próxima sesión que celebre.***

**Expediente 3758/2023. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COMPOSICIÓN DAS**



Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 22

| COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA: | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a ***Proposta da Alcaldía***, de data 21/06/2023, do seguinte teor literal:
"**PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AS COMISIÓNS INFORMATIVAS DE CARÁCTER PERMANENTE**

*As Comisións Informativas de carácter permanente, nos termos dos arts. 123, 124 e 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real-Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, e os arts. 67 e 68 da Lei 5/97, de 22 de Xullo, da Administración Local de Galicia, son órganos sen competencias resolutorias, coa exclusiva finalidade de estudar e informar os asuntos que deben ser sometidos ao coñecemento do Plenario Municipal. O número das mesmas e a súa denominación serán decididos polo Plenario, a proposta da Presidencia, procurando na medida do posible que se correspondan coas grandes áreas en que se estruturan os diferentes servizos municipais. En cuanto a súa composición, debe acomodarse á proporcionalidade existente entre os grupos políticos que integra o Plenario Municipal.*

*Polo tanto, práceme someter ao Plenario Municipal, a seguinte proposta de acordo:*

*** Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Saúde:**
**(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).**
*** Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas:**
**(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).**
*** Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade:**
**(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).**
*** Comisión Informativa de Servizos Municipais Estruturais, Pedanías e Persoal:**
**(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).**
*** Comisión Informativa de Deportes e Mantemento de Parques e Xardíns:**
**(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).**
*** Comisión Informativa de Promoción Económica, Emprendemento, Emprego, Participación Cidadá, Festexos e Xuventude:**
**(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).**
*** Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais:**
**(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).**

*Os grupos políticos, a través dos seus portavoces, comunicarán por escrito os nomes dos Srs. Concelleiros/as que como vogais se integra en cada Comisión Informativa Permanente, sen prexuízo de que cando algún vogal titular non asista por causa xustificada poida ser substituído por calquera outro membro do propio grupo.*

**Será Presidente nato de todas elas o Sr. Alcalde D. Amador Díaz Penín**.

Non obstante o Plenario, ao que en definitiva corresponde decidir, resolverá o que considere conveniente para os intereses municipais. **(...)"**

**O Concello Pleno presta aprobación á citada Proposta da Alcaldía, por unanimidade adoptando o seguinte acordo:**

***A denominación e composición das comisións informativas será a seguinte:***
**** Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Saúde:***
***(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).***
**** Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de***

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 22

***<u>Contas:</u>***
***(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).***
**** Comisión Informativa de <u>Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade:</u>***
***(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).***
**** Comisión Informativa de <u>Servizos Municipais Estruturais, Pedanías e Persoal:</u>***
***(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).***
**** Comisión Informativa de <u>Deportes e Mantemento de Parques e Xardíns:</u>***
***(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).***
**** Comisión Informativa de <u>Promoción Económica, Emprendemento, Emprego, Participación Cidadá, Festexos e Xuventude:</u>***
***(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).***
**** Comisión Informativa de <u>Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais:</u>***
***(ÁXIL: 2, incluído o Sr. Presidente, PP: 3, PSdeG-PSOE: 3, BNG: 1).***

**Expediente 3759/2023. PROPOSTA DA ALCALDÍA DIETAS CONCELLEIROS:**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria<br>A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0 |

Vista a ***Proposta da Alcaldía,*** de data 20/06/2023, do seguinte teor literal:
"**(...)** **<u>PROPOSTA DA ALCALDÍA DIETAS CONCELLEIROS</u>**
Para os efectos de recoñecemento das asistencias por concorrencia efectiva ou parcial aos órganos colexiados do Concello de Xinzo de Limia, proponse a percepción das seguintes asistencias por tódolos concelleiros/as, agás aqueles que perciban retribucións por adicación exclusiva ou parcial:
**A.-** Sesións do **Pleno** da Corporación: **<u>150,00 € por cada sesión</u>**.
**B.-** Sesións da **Xunta de Goberno Local**: **<u>150,00 € por cada sesión</u>**.
**C.- Comisións Informativas**: **<u>150,00 € por cada sesión</u>**.
**D.- Xunta de Voceiros**: **<u>150,00 € por cada reunión</u>** unha vez este constituído regulamentariamente dito órgano.

Para apreciar a concorrencia efectiva dos concelleiros deberán personarse no lugar de celebración das sesión na hora da súa convocatoria. A Certificación da súa asistencia virá a través da acta da sesión correspondente expedida polo Secretario de Corporación. **(...)"**

***O Concello Pleno presta aprobación á citada Proposta da Alcaldía, co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal "ÁXIL" (2 e 1 o Alcalde), dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular (4), a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (4), e co voto en contra dos concelleiros do grupo municipal BNG (2), <u>adoptando o seguinte acordo</u>*** *para a percepción das seguintes asistencias por tódolos concelleiros/as, agás aqueles que perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial:*
***A.- Sesións do <u>Pleno</u> da Corporación: <u>150,00 € por cada sesión</u>.***
***B.- Sesións da <u>Xunta de Goberno Local</u>: <u>150,00 € por cada sesión</u>.***
***C.- <u>Comisións Informativas</u>: <u>150,00 € por cada sesión</u>.***
***D.- <u>Xunta de Voceiros</u>: <u>150,00 € por cada reunión</u> unha vez este constituído***

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 22


C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112

*regulamentariamente dito órgano.*

**Expediente 3760/2023. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DOS PLENARIOS DE CARÁCTER ORDINARIO:**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria<br>A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0 |

Vista a ***Proposta da Alcaldía,*** de data 20/06/2023, do seguinte teor literal:
**"(...)** **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DOS PLENARIOS DE CARÁCTER ORDINARIO**
As xuntanzas a celebrar polo Plenario Municipal, de conformidade co establecido no artigo 77 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, poden ser de tres clases: ordinarias, extraordinarias e extraordinarias de carácter urxente.
Corresponde ao Plenario determinar a periodicidade das xuntanzas corporativas de carácter ordinario, nos termos do art. 78.1 do citado Regulamento, sen sobrepasar o limite bimensal ao que se refire o art. 210.2.a) da Lei 5/97, de 22 de Xullo, da Administración Local da Galiza.
Polo tanto, e co o fin de sinalar a data e hora en que se celebrarán as xuntanzas corporativas de carácter ordinario, sométese ao Plenario Municipal a seguinte proposta de acordo:
As xuntanzas ordinarias do Plenario Municipal terán lugar ás **9.00 horas** do **primeiro "xoves" de cada bimestre natural**. Se esta data coincide con día festivo a convocatoria adiantarase cara o día hábil inmediatamente anterior.

Non obstante o Plenario, ao que en definitiva corresponde decidir, resolverá o que considere mais conveniente para os intereses municipais. **(...)"**

***O Concello Pleno presta aprobación á citada Proposta da Alcaldía, co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal "ÁXIL" (2 e 1 o Alcalde), dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular (4), a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (4), e en contra dos concelleiros do grupo municipal BNG (2), adoptando o seguinte acordo:***

***As xuntanzas ordinarias do Plenario Municipal terán lugar ás 9.00 horas do primeiro "xoves" de cada bimestre natural. Se esta data coincide con día festivo a convocatoria adiantarase cara o día hábil inmediatamente anterior.***

**Expediente 3761/2023. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO NA ASEMBLEA XERAL DO CONSORCIO GALEGO DOS SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR:**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria<br>A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0 |

Vista a ***Proposta da Alcaldía,*** de data 20/06/2023, do seguinte teor literal:
**"(...)** **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O NOMEAMENTO DOS**

Cod. Validación: 9YRDM4JZWL9N4NYPWHHYH9HY6
Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 22


C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112

**REPRESENTANTES DO CONCELLO NA ASEMBLEA XERAL DO CONSORCIO GALEGO DOS SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**
Corresponde ao Plenario designar de entre os seus membros, nos termos do art. 38.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, dous representantes para se integrar na **Asemblea Xeral do Consorcio Galego dos Servizos de Igualdade e Benestar** nos termos do artigo 11 dos Estatutos que o regulan.
Para asumir esa representatividade práceme someter ao Plenario Municipal proposta en favor dos Srs. Concelleiros:
*** Amador Díaz Penín, Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia.**
*** Mª de los Ángeles Martínez Marra, Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Saúde.**
No obstante o Plenario, ao que en definitiva corresponde decidir, resolverá o que considere mais conveniente para os intereses municipais. **(...)"**

***O Concello Pleno presta aprobación á citada Proposta da Alcaldía, co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal "ÁXIL" (2 e 1 o Alcalde), dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular (4), a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (4), e a abstención dos concelleiros do grupo municipal BNG (2), adoptando o seguinte acordo:***

